

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero
Dona Begoña Vázquez López
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a quince de decembro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as catorce

horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 10 de decembro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “ACTUACIÓNS DE RESTAURACIÓN DO TREITO URBANO DO RÍO DE RODEIRO”

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1, final e liquidación, correspondente á obra de “Actuacións de restauración do treito

urbano do río de Rodeiro”, por importe de SESENTA E OITO MIL SEISCENTOS DEZASEIS EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (68.616,24 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adjudicataria da obra CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L., por un importe de 68.616,24 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. FE25/287 (FACe), de data 12/12/25, estendida pola adjudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 15 de decembro de 2025, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe final da obra asinado pola dirección facultativa en data 12/12/25.

3.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO AO ABEIRO DO PROGRAMA GALICIA REFUXIO CLIMÁTICO

En relación á subvención outorgada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, por resolución de data 22/04/25 e importe total de 60.000,00 €, para a actuación denominada “*Actuacións de restauración do treito urbano do río de Rodeiro*”, ao abeiro da Orde do 29 de xaneiro de 2025

pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, de axudas a entidades locais de Galicia para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia refuxio climático), e se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, para o ano 2025 (DOG núm. 33, do 18/02/25) – Expediente núm. [REDACTED], procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 60.000,00 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	[REDACTED]	FE25/287	12/12/2025	15/12/2025	68.616,24 €

- Cantidade xustificada: 68.616,24 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

4.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE ASPERELO

VISTO o escrito presentado por Don José Rodríguez Pardo, con DNI núm. [REDACTED] veciño do lugar de Barrio, parroquia de San Martiño de Asperelo (RE núm. 2123, do 11/12/25), polo que, na representación da Comisión de festas parroquial, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Martiño de Asperelo celebradas os pasados días 7, 8 e 9 de novembro do corrente. A Xunta de Goberno Local,

por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- RETNOVA PROXECTIA CONSULTING S.L. 5.324,00 €
Por elaboración do IV Plan de igualdade de xénero do Concello de Rodeiro 2026-2029, s/factura núm. 2025/26 – FACe (*subvención Deputación proxecto EQUAL CAMBA 2025*).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)